

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Xuño 2006 COMUNICADO

O índice de vendas de comercio polo miúdo aumentou en xuño de 2006 un 7,1% respecto a un ano antes

No mes de xuño de 2006 as vendas do comercio polo miúdo en Galicia aumentaron un 7,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo en Galicia rexistrou no mes de xuño de 2006 un incremento interanual en termos correntes do 7,1%, cifra que se mantén cando se corrixe a serie do efecto producido polo calendario.

No que vai de ano, este índice creceu un 6,6%, un 6,3% se se mide en termos de serie corrixida de efecto calendario.

Por produto vendido, a análise das vendas en termos correntes sinala un incremento de todas as tipoloxías estudadas, agás da do equipamento da persoa. As vendas dos grupos doutros produtos e do equipamento do fogar foron as que máis se incrementaron, con taxas interanuais do 15,7% e do 7,7%, respectivamente. A venda de produtos de alimentación experimentou en xuño un aumento interanual do 2,8%. Polo contrario, as vendas de equipamento da persoa rexistraron unha taxa de variación anual do -4,6%.

As vendas nas grandes superficies non especializadas de Galicia creceron un 6,1% con respecto ao mesmo mes do ano anterior


Por tipo de actividade da empresa, o índice de comercio especializado de xuño de 2006 aumentou en termos correntes un 7,9% con respecto ao mesmo mes de 2005, o do non especializado un 6,1%.

O índice de vendas de grandes superficies non especializadas de Galicia presenta en xuño unha taxa de variación anual do 6,1%, en termos correntes.

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Xuño 2006.
Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	136,8	7,1%	6,6%
Xeral (corrixido de calendario)	135,4	7,1%	6,3%
Por actividade			
Especializado	131,2	7,9%	8,7%
Non especializado	145,3	6,1%	2,6%
Grandes superficies	161,9	6,1%	5,2%

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Comunicados en : <http://www.ige.eu>